

SEGUNDA XUNTANZA

Aula 6

Curso 2019-2020

AVALIACIÓN DO GRUPO.

É un grupo un pouco movido, sobre todo no momento do xogo libre. Ás veces cóstame captar a súa atención nos momentos de alfombra.

En xeral son sociables (entre eles e co persoal da escola), e tamén moi cariñosos.

Xa están empezando a xogar uns cos outros, aínda que tamén xogan ó seu aire no momento de xogo libre.

Non soe haber conflitos importantes (aparte dos lances típicos do xogo, choques, peleas polos xoguetes... algún mordisco de cando en vez).

Tamén decirvos que están empezando cun tipo de xogo máis "físico": correr, tirarse uns encima de outros..Eso alteraos e ponos nerviosos, así que algunha vez xa tivemos que parar, e sentarnos a falar ou poñer un pouco de música tranquila para evitar que o grupo se descontrole.

Son moi participativos en todo tipo de actividades e xogos.

Cada vez van tendo maior capacidade de expresión e comunicación, e tamén maior grado de autonomía (fomentar deixarlles que quiten e poñan eles os abrigos, que os colquen e descolguen das perchas, que se laven eles as mans e a cara, que se sequen coa toalla, que suban e baixen a roupa, vestirse e desvestirse, calzarse e descalzarse, que collan eles o papel para limpiarse despois de facer pis, que se limpien os mocos...).

DINÁMICA DE AULA.

Xa a coñecen perfectamente, aínda que ás veces lles costa un pouco seguila. A maioría fanse os despistados para recoller, normalmente teño que ir mandando un por un ou grupos pequeniños para que o fagan.

Ás 10:15h, comezamos a recoller, para sentar na colchoneta. O axudante pasa lista, mira o tempo que vai, o día que é, a actividade que toca..

Miramos contos (podedes traer contos da casa), cantamos cancións, e falamos do que imos a facer ó longo da mañán.

Sobre as 10:40h. sentamos para almorzar (gracias por participar traendo almorzos). E lembre que cando vos apuntades tendes que poñer o que ides a traer.

Logo do almorzo toca inglés con Silvia e Piggy (os luns, mércores e venres, 20min.), e Voz Natura os martes, veñen Juan Carlos e Rita.

Despois saímos ó patio, 20min., donde cada día toca unha actividade:

Luns: pelotas – Martes: circuito de psicomotricidade. Mércores: Xogos corro, raquetas, cordas, patíns – Xoves: aros – Venres: Coches.

Comezamos con xogo dirixido: pasamos a pelota uns a outros coas mans ou cos pes, dámoslle patadas...

Xogamos ó corro da patata...

Aros, facemos un camiño e andamos por dentro, sin pisar os aros, saímos e entramos dos aros, buscamos un aro dun determinado color.

E despois destes xogos dirixidos, desfogan un pouco correndo, no tobogán... Algúns prefiren sentarse nas sillas e mirar e contos.

Os venres xogan cos coches, triciclos, motos...

E logo facemos a actividade programada para o día.

Sobre as 12:30h. recollemos a clase e preparámonos para comer. É un comedor en xeral bastante tranquilo e bastante autónomo, aínda que depende da comida que toque nese día (sobre todo se hai legumes) hai que insistirles bastante para que rematen a comida.

Ás 13.55h. máis ou menos, baixamos para tomar a siesta, ou para xogar na aula 3.

Como xa sabedes, tódoos días escribo na libreta o que fixemos pola mañán (para que saibades o que fixeron os vossos fillos e o poidades comentar con eles).

Tamén poño circulares sobre o centro de interese que estamos a traballar en cada momento, e demais información... Por favor, parádevos un par de minutinhos ó día a leelo.

CENTROS DE INTERÉS.

O que nos queda por traballar: a parte de Así son Eu (no que xa estamos metidos), é: O Entroido, Os Animais, Imos de Viaxe, Os Contos e A Auga.

SAÍDAS QUE TEMOS PROGRAMADAS.

Aínda que todos tendes firmada a autorización para as saídas, decirvos que si non queredes que vaian ás saídas poden vir igual á escola, quedarían noutra clase.

Museo de Bellas Artes _ mércores 29 de Xaneiro. Sen acompañantes.

Acuarium _ Data por confirmar. Necesitarei 10 Pais/Nais. Cada un levará dous nen@s. Poñerei un papel para que vos apuntedes.

Vos mellor que ninguén coñecedes ós vossos fill@s, así que si pensades que o vir vós vai estar demasiado apegado, caprichoso, que non vai a disfrutar da saída, mellor non vos apuntedes para acompañarnos. E lembrade que os acompañantes veñen para botar unha man.

Lonxa _ Venres 28 de Febreiro. Necesitarei 10 Pais/Nais. Cada un levará dous nen@s. Poñerei un papel para que vos apuntedes.

Bombeiros _ Xoves 23 de Abril. Parque de bombeiros de Coruña. Sen acompañantes.

Biblioteca _ Martes 19 de Maio. Necesitarei tamén 10 Pais/Nais, xa que iremos andando. Biblioteca González Garcés.

Mercado de Monte Alto _ Xoves 28 de Maio. Sen acompañantes.

Piscina_ Acea da Ma. Mércores 17 de Xuño. Temos que xuntar un mínimo de 11 asistentes. Todos teñen que ir acompañados. Senón conseguimos ese mínimo suspenderase a saída.

Despois de darnos un chapuzón quedarémonos a comer alí, no parque, ou se chove, volveremos á escola e comeremos na nosa aula. Cada un terá que levar a súa comida. A escola pagará a entrada dos nen@s, a do acompañante teredes que pagala.

*Aparte destas saídas tamén temos, en principio unha **actividade** programada:

Visita da Policía. 15 e 16 de Abril

RECORDATORIOS.

- _ Lembra de leer o recanto de pais e nais e a libreta.
- _ Mirar os sobres, si hai algo dentro é para que o collades. Moitas veces quedan ahí durante moito tempo.
- _ Mirar a pizarra: pises e caças, comedor, incidencias e recados. Moitas veces teño que recordar cousas un por un.
- _ O tempo que durmen a siesta despois de comer está nun panel no pasillo de abaixo, xunto ó dormitorio.
- _ Revisar de cando en vez as mudas (os nen@s medran), e si usan esa muda lembra de volver a traela.
- _ Se o neno está enfermo non traelo á escola. E si se pon malo por algo contaxioso chamade á escola para avisar.
- _ **Por favor, cinta nos abrigos e nome.**
- _ **Por favor, nome nos panos de comedor.**
- _ Si traen algún xoguete ou conto á escola, poñédelle o nome.
- _ Puntualidade nas entradas e nas saídas.

ENTROIDO.

O que temos preparado:

_Semana do 10 Feb. **Disfraz acumulativo.** Viremos á escola...O martes cos calcetíns diferentes e por fora, o mércores cos calcetíns diferentes e por fora e cunha paxariña, e o xoves, cos Calcetíns, a paxariña e un bigote pintado. Si o nen@ non quere non pasa nada.

_O venres 14 Feb. Faremos unha **fiesta do Pixama.** Mandaredes ós nenos con pixama. Si queredes traedes nunha bolsa unha muda.

_O martes 18 Feb. Teremos unha pequena **fiesta de disfraz libre** (cun encontro no patio de todas as aulas). Mandaredes ós nen@s disfrazados da casa (xa vestidos), do que queirades, algo non moi incómodo e non demasiado abrigado. Si queredes traedes nunha bolsa unha muda, por si se cansan do disfraz.

_O venres 21 de Febreiro. Será a **Fiesta de Entroido** (con Pais/Nais). Máis ou menos coma a de Nadal, solo que tod@s disfrazados. A nosa aula irá de "Jackson Five".

Lembrede 1 acompañante por nen@, e puntualidade. Teredes que estar na escola ás 10:00h, xa que a partir das 10:30h, pasarán polas aulas a sacar as fotos de grupo.

Na festa haberá unha "pequena actuación" a cargo de pais e nais da escola. Si alguén está interesado en participar que o diga na oficina para falar con Alejandra. O primeiro ensaio será o xoves 23 de Xaneiro as 17:30. Os que participen na actuación poden traer outro acompañante, para que estea co neno. Como en Nadal pediremosvos que para ese día traidades filloas, rosquillas, orellas, para tomar todos xuntos no patio.

Precisamos da vosa colaboración para decorar o patio. Deberedes facer unha silueta e poñerlle a cara do voso fillo ou filla, pintala, poñerlle a cara dun famoso...o que se vos ocorra.

DISFRAZ.

_ Nen@s: Levarán camiseta de manga larga e leggins ou pantalóns das cores ecollidas. Na camiseta poñeremos un "cuello" e un cinturón dourado de tea. Dividiremos os 20 nenos en grupos de 4, para que vaian vestidos de cada un dos integrantes dos Jackson Five. 4 nen@s con camiseta e pantalón gris; 4 nenos con camiseta azul marino e pantalón branco; 4 nenos con camiseta azul claro e pantalón gris; 4 nenos con camiseta branca e pantalón marrón e 4 nenos con camiseta branca e pantalón azul marino. Calzado escuro

_ Adultos: Irán vestidos igual que o neno que acompaña. Calzado escuro.

-Todos levaremos as pelucas afro que xa as temos na aula (pagaranse o día da xuntanza)

-A tea dos disfraces xa está comprada e tamén a maquillaxe. Da tea dos nen@s faise cargo a escola pero a dos adultos, aínda que a facilita Arela, tendes que pagala (1€). Para o día da festa de entroido se tedes, traede unha esponxa de maquillaxe para maquillarnos máis rápido.

-O **Mércores 5 de Febreiro ás 16:15** teremos un Taller para facer os disfraces, os que non poidan asistir levarán o material e farano na casa. Fará falta que traidades: a camiseta do neno e o adulto, agulla, fío amarelo e tesoiras para tea se tedes.

CALENDARIO DE ENTROIDO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
3	4	5 TALLER DISFRACES	6	7
10 Un cartel na entrada da escola di que mañán hai que trae...	11 Calcetíns diferentes e por fóra do pantalón.	12 Calcetíns diferentes + pajarita	13 Calcetíns diferentes + pajarita + bigote pintado	14 FESTA PIXAMA
17	18 DISFRAZ LIBRE 	19	20	21 FESTA ENTROIDO

REPARTICIÓN DE CORES DO DISFRAZ

Estas son as combinacións de cores para a roupa dos nenos e adultos (neno e adulto que o acompaña levan a mesma roupa). Apuntádevos no que prefirades:

	Camiseta e pantalón gris	Camiseta azul marino e pantalón blanco	Camiseta azul claro e pantalón gris	Camiseta blanca e pantalón marrón	Camiseta blanca e pantalón azul marino
Nome nen@ e adulto					
Nome nen@ e adulto					
Nome nen@ e adulto					
Nome nen@ e adulto					